

Expediente núm.: 2021/C004/000001

Memoria Xustificativa

Procedemento: Contrato de asistencia na elaboración da Relación de Postos de Traballo (RPT) no Consorcio As Mariñas

Documento asinado por: Xerencia

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

De acordo co artigo 74 Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos.

As relacións de postos de traballo son o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto. Neste sentido, comprenderá todos os postos de traballo do Consorcio, tanto de funcionarios como de persoal laboral, e a través dela, crearanse, modificarán ou suprimirán os postos.

2. Descrición da situación actual

O Consorcio non conta con instrumento de ordenación de persoal, Relación de postos de Traballo.

3. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a asistencia na formación da relación de todos os postos de traballo existentes na organización do Consorcio, incluíndo respecto de cada un deles os seguintes datos: denominación, tipo e sistema de provisión dos mesmos, os requisitos esixidos para o seu desempeño; o nivel de complemento de destino e, no seu caso, o complemento específico que corresponda aos mesmos, cando deban ser desempeñados por persoal funcionario, ou o grupo profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral.

4. Análise Técnica

O artigo 15 da Lei de Medidas para a Función Pública indica o contido mínimo das RPT dicindo que comprenderá:

a) Conxunta ou separadamente, os postos de traballo do persoal funcionario de cada centro xestor, o número e as características dos que poidan ser ocupados por persoal eventual, así como os daqueloutros que poidan desempeñarse por persoal laboral.

- b) A denominación e características esenciais dos mesmos; os requisitos esixidos para o seu desempeño; o nivel de complemento destino e, no seu caso, o complemento específico que corresponda aos mesmos, cando haxan de ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral.
- c) A creación, modificación, refundición e supresión de postos de traballo.
- d) A provisión de postos de traballo a desempeñar polo persoal funcionario, así como a formalización de novos contratos de persoal laboral fixo, requirirán que os correspondentes postos figuren detallados nas respectivas relacións.

Os elementos que deben describir as Relacións de Postos de Traballo son os seguintes:

1. Descrición – Enumeración de tarefas.
 - Horario de traballo.
 - Posto de que depende.
 - Número de postos inmediatamente subordinados.
 - Máquinas utilizadas regularmente.
 - Natureza, importancia e extensión das instrucións recibidas.
 - Grao de autonomía na adopción de decisións.
 - Clase de control á que está sometido.
 - Relacións con outras dependencias.
 - Relacións co público.
 - Incompatibilidade (física ou moral) que supós o posto.
 - Condicións de traballo (penosidade, nocturnidade, turnicidade)
2. Requisitos – Educación xeral.
 - Educación profesional.
 - Experiencia e adestramento.
 - Coñecementos especiais.
 - Calidades temperamentais.
 - Esforzo físico.
3. 3. Clasificación da posto – Escala, subescala e clase (funcionarios) ou categoría (persoal laboral) a que se adscribe.
 - Grupo (retribucións básicas).
 - Retribucións complementarias.

O adxudicatario disporá de dous meses para a realización do traballo e deberá incluír a asistencia na contestación das futuras alegacións de existir estas, informes os recursos que se poidan presentar e por último a adaptación da RPT no caso de transformación do Consorcio noutra Entidade.

5. Análise Económica

O servizo deberase prestar por un importe máximo de 8.000 euros mailo IVE correspondente.

6. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

En base ás necesidades descritas e ao obxecto do contrato, o procedemento máis axeitado para levar a cabo a licitación e que todo empresario ou profesional interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

b. Cualificación do contrato

Trátase dun contrato administrativo de prestación de servizos.

c. Análise de execución por lotes

Non procede a división en lotes do contrato dada a funcionalidade das prestacións obxecto do contrato e considerando a optimización e a coordinación da execución.

d. Duración

A duración establececese en 2 meses con posibilidade de prórroga de 1 mes.

7. Conclusións

Preténdese co presente contrato a asistencia na formación da relación de todos os postos de traballo existentes na organización do Consorcio

En Bergondo na data de sinatura dixital que consta neste documento.

Miguel Angel Sandar Picado
Xerente